



**BASES REGULADORAS DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES MUNICIPAIS**  
**DO CONCELLO DE BARBADÁS CURSO 2022/2023**

**Artigo 1. Obxectivo e ámbito de aplicación.**

- As presentes bases teñen por obxecto regular o procedemento de admisión e funcionamento das actividades extraescolares impartidas nos centros docentes CEIP Filomena Dato e CEIP O Ruxidoiro pertencentes ao ámbito municipal do Concello de Barbadás.
- Os obxectivos serán os seguintes:
  - Complementar a formación recibida nos centros docentes.
  - Colaborar na conciliación da vida laboral e persoal das familias.
  - Potenciar nos/as menores o desenvolvemento das habilidades sociais, das capacidades de expresión e creación.
  - Ofrecer os/as menores diferentes formas saudables de vivir o lecer e tempo libre con outros/as nenos/as de forma creativa e participativa.

**Artigo 2. Destinatarios**

As actividades extraescolares están dirixidas a nenos/nenas matriculados/as nos centros educativos pertencentes ao ámbito municipal do Concello de Barbadás (CEIP Filomena Dato e CEIP O Ruxidoiro) durante o curso 2022/2023.

**Artigo 3. Requisitos para a admisión**

Serán requisitos indispensables para a admisión do neno/a nas actividades extraescolares:

- Estar ao corrente de pago dos cursos anteriores.
- Estar matriculado/a no centro docente para o que se solicita a actividade extraescolar no curso 2022/2023.

**Artigo 4. Persoas con diversidade funcional**

As persoas que teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33% deberán:

- Facer constar a súa condición no apartado que figura no impreso de solicitude.





- Indicar a necesidade de axuda de terceira persoa durante a realización da actividade ( coidador/a ).

A organización reservará en cada quenda un 5% das prazas para os solicitantes con discapacidade igual ou superior ao 33%.

#### **Artigo 5. Nº de prazas ofertadas.**

Para que se leve a cabo a actividade extraescolar será preciso un número mínimo de 8 nenos/as. O número máximo de nenos/as por actividade extraescolar será de 15.

#### **Artigo 6. Horario e calendario.**

As actividades educativas municipais seguirán o calendario escolar aprobado por cada un dos centros docentes, considerándose non lectivos os días que nestes figuren.

As actividades comezarán o día 3 de outubro de 2022 e rematarán o día 31 de maio de 2023 no horario e día que corresponda a cada unha das actividades.

#### **Artigo 7. Lugar de desenvolvemento.**

As actividades desenvolveranse nos espazos cedidos por cada un dos centros educativos e aprobados polo Consello Escolar, previa petición do Concello.

#### **Artigo 8. Funcionamento**

- A baixa dun/ha alumno/a nunha actividade extraescolar deberase comunicar no mes anterior ao que se desexa a baixa, cumprimentando a correspondente solicitude de baixa.
- No caso de que o comportamento dun alumno/a afecte ao normal funcionamento da actividade procederase a avisar á familia, e de persistir, a dar de baixa ao alumno/a en dita actividade.
- Para poder ser beneficiario/a do “servizo Actividades Extraescolares”, o/a neno/a non poderá faltar, sen xustificar, a mais de tres clases nun trimestre. De non ser así darase de baixa ao neno/a da actividade extraescolar.



### **Artigo 9. Criterios de adxudicación**

- No caso de que o número de prazas solicitadas non supere o número de prazas ofertadas, a adxudicación de prazas realizarase de forma directa.
- No caso de que o número de prazas solicitadas si supere o número de prazas ofertadas, a adxudicación realizarase segundo a orde de prioridade fixada na solicitude e tendo en conta, os seguintes requisitos:

Resolverase usando como criterio, o resultado obtido o 23 de febreiro de 2022 do Sorteio anual de letras de prioridade para resolver os empates no procedemento de admisión de alumnado para o curso 2022/2023 (artigo 29 da Orden do 12 de Marzo de 2013). As letras de prioridade que afectan ao primer apelido son: “V” e “U”; asimismo afectan ao segundo apelido as letras: “A” e “Z”.

Antes de conceder a 2º opción e posteriores darase prioridade a quen non obtivese praza en ningúna actividade.

- As solicitudes acompañadas por informe social terán, en todo caso, dereito a praza.

### **Artigo 10. Documentación a achegar**

Aqueles alumnos/as que soliciten bonificación deberán aportar, xunto coa inscrición, a documentación requirida para ser beneficiarios dela:

- No caso de bonificación por desemprego: as tarxetas de demandantes de emprego do/s proxenitor/es.
- No caso de familia monoparental, libro de familia e xustificación dos ingresos obtidos pola unidade familiar durante o ano 2021.
- No caso de familia numerosa, libro de familia ou carné de familia numerosa e xustificación dos ingresos obtidos pola unidade familiar durante o ano 2021.





## **CONCELLO DE BARBADÁS**

### **Concellería de Educación**

- No caso de solicitar a bonificación de ingresos da unidade familiar por debaixo do IPREM, deberá presentar a xustificación dos ingresos obtidos pola unidade familiar durante o 2021.

#### **Artigo 11. Prazos e lugar de presentación de inscricións.**

O prazo para a presentación de solicitudes será dende o día 20 de xuño ata o día 8 de xullo de 2022.

A solicitude debidamente cumprimentada xunto coa documentación que corresponda a cada caso deberá presentarse por unha das seguintes formas:

- De forma telemática a través da sede electrónica do Concello de Barbadás <https://barbadas.sedelectronica.gal>.
- De forma presencial no rexistro (Casa do Concello, Oficinas A Valenzá ).
- En calquera dos rexistros establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015.

As solicitudes estarán dispoñibles na páxina web do Concello ([www.barbadas.es](http://www.barbadas.es))

#### **Artigo 12. Publicación dos admitidos/excluídos**

O listado provisional de admitidos/as publicarase o día 20 de xullo de 2022 na páxina web do Concello de Barbadás ([www.barbadas.es](http://www.barbadas.es)) e nos taboleiros de cada un dos colexios. Os listados definitivos publicaranse o día 29 de xullo de 2022.

#### **Artigo 13. Solicitudes de alta fóra de prazo de inscrición.**

Estarán suxeitas ás prazas dispoñibles. De non existir praza, pasarán a formar parte da lista de espera.

#### **Artigo 14. Custo do servizo.**

O custo do servizo ten carácter de taxa, o seu importe é de 5 euros/mes por cada actividade (regulado na Ordenanza municipal da taxa pola prestación do Bos días Cole e Actividades Extraescolares).





**Artigo 14.1: Bonificacións.**

A taxa poderán aplicarse as seguintes bonificacións (reguladas na Ordenanza municipal da taxa pola prestación do Bos días Cole e Actividades Extraescolares) a quen acredite a concorrencia das circunstancias que as xustifican:

- Aplicarase unha bonificación do 100% do custo da taxa cando o/os proxenitor/es que ostenten a custodia estén en situación de desemprego. Os/as beneficiarios/as deberán presentar antes de cada cargo a tarxeta do paro para obter dita exencións.
- Aplicarase unha bonificación do 50% do custo da taxa ás familias monoparentais (*definidas según o artigo 13 da Lei 30/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia en Galicia*) cunha renda per cápita mensual que non supere o IPREM.
- Aplicarase unha bonificación do 50% do custo da taxa cando o/a neno/a teña unha situación económica na que o cómputo dos ingresos anuais da unidade familiar sexan inferiores ao IPREM.
- As familias numerosas (definidas según o artigo 2 da Lei 40/2003 de 18 de novembro, de protección ás familias numerosas) cunha renda per cápita mensual que non supere o IPREM, aplicaráselles un desconto do 50% sobre o custo da taxa.

As bonificacións deberán solicitarse coa inscrición.

**Artigo 15. Forma de pago.**

O prezo da taxa farase efectivo en entidade bancaria mediante emisión de recibos. Estes recibos emitiranse do 1 ao 10 do primeiro mes de cada trimestre.

No suposto de devolución dun recibo, a área responsable do servizo comunicará ao usuario/a, mediante os datos a efectos de notificación indicados, dita devolución fixando un prazo de 10 días para presentar o xustificante de ter feito efectivo o pago mediante ingreso bancario no número de conta que se lle facilitará a tal efecto.





## **CONCELLO DE BARBADÁS**

### **Concellería de Educación**

O non cumprimento, dentro dos prazos previstos, do pago das cotas, levará á baixa automática do alumno mediante un comunicado escrito do Concello de Barbadás.

Se alguén se da de baixa antes da finalización do trimestre, non lle será devolto o importe aboado, quedará dado de baixa para o trimestre seguinte.

#### **Artigo 16. Accidentes e lesións**

O Concello de Barbadás dispón dun seguro de responsabilidade civil en caso de lesión ou accidente. O Concello proporcionará a súa aseguradora un listado de todos os/as alumnos/as que estén inscritos nas actividades extraescolares que o Concello de Barbadás propón para o curso 2021-2022.

**O mal comportamento nas actividades extraescolares municipais do/a neno/a a criterio do responsable da actividade suporá a baixa inmediata, non podendo aproveitarse outra vez da mesma ao longo do curso, sen ter dereito ao reintegro do pago.**

**O Concello de Barbadás resérvase os cambios oportunos que poida considerar necesarios para o bo desenvolvemento das actividades extraescolares.**

**A participación nas actividades extraescolares municipais supón a aceptación das presentes bases.**



